


# ARTENAUTA

I FESTIVAL DAS ARTES DA COSTA DA MORTE



14,15 E 16 DE AGOSTO DE 2020 EN CORCUBIÓN



# ÍNDICE

## FESTIVAL ARTENAUTA

- Presentación / P6
- Artes e artistas / P8
- Espazos / P9
- Programa / P10

## ACTIVIDADES DO I FESTIVAL ARTENAUTA

- Performance / P12
- Mural / P16
- Escultura / P18
- Música / P22
- Pintura / P27
- Fotografía / P31
- Breakdance / P40
- Teatro / P42
- Poesía / P44
- Audiovisual / P46
- Pensamento / P48



**Artenauta.** Neoloxismo creado a partir dos termos Arte e -Nauta (navegante). Serve para designar a toda persoa que navega pola arte como modo de vida e como forma para entender o mundo. Os artenautas sirven de estímulo e reflexión á súa tripulación, especialmente nas vilas costeiras.

Artenauta é o primeiro festival especificamente artístico da Costa da Morte, que naceu en Corcubión no verán de 2020 co obxectivo de dinamizar a vila, inundándoa de diferentes artes. A finalidade é servir de estímulo, entretemen- to, reflexión e escaparate de experiencias artísticas para veciños e visitantes, algo especialmente necesario en tempos de pandemia.

A primeira edición do Festival Artenauta desenvolveuse durante a fin de semana do 14, 15 e 16 de agosto de 2020 onde se deron cita en Corcubión unha trintena de artistas de diferentes disciplinas. Eles foron os artenautas, que navegaron polas súas artes convidándonos á participar das súas creacións.

Todas as actividades que tiveron lugar no marco do Festival Artenauta tiveron en conta a normativa sanitaria vixente en canto á prevención da COVID-19. En todas elas seguíronse as medidas de prevención: máscara obrigatoria, distan- cia de seguridade e lavado de mans; e se respectaron os aforos permitidos.



# ARTES E ARTISTAS

## Disciplinas artísticas

Pintura, mural, escultura, fotografía, música, deseño gráfico, poesía, audiovisual, danza, teatro, performance e pensamento.

## Artenautas 2020

### PINTURA:

Marcelino de Santiago, Kukas  
Viki Rivadulla  
Marina Mouzo  
Pablo Orza

### MURAL:

Pelucas

### ESCULTURA:

Borja Insua  
Óscar Aldonza  
Camilo Seira

### MÚSICA:

Leo de Matamá  
Pablo Orza  
Héctor Lera & Tres calquera  
As Rinchonas

### TEATRO:

Farándula Velutina

### FOTOGRAFÍA:

Senén Insua  
Alba Cambeiro  
Ana Naveiro  
Raúl Simón  
Barbara Brummer  
Lucía Gómez  
Ramón Caamaño  
(Selección do arquivo)

### POESÍA:

Alex López con Elías Outes  
Arturo Creus e Estevo Creus

### AUDIOVISUAL:

Olaia Sendón  
Andrés López

### BREAKDANCE:

Artur Salvador

### PENSAMENTO:

Miguel Vázquez Freire

# ESPAZOS



O festival Artenauta naceu fundamentalmente para compartir arte, e por iso as manifestacións artísticas espaiáronse entre a xente, nas rúas, nos bares, nas prazas, nas paredes e balcóns. Estes foron os espazos do festival.

### AO AIRE LIBRE:

- **Campo do Rollo.**
- **Praza Castelao.**
- **Praza da igrexa.**
- **O Recheo.** Avda. da Mariña.
- **Capela de Santo Antonio.** Rúa Santo Antonio, 17.
- **Paseo Marítimo.** Avenida da Viña.
- **Xardíns do Concello.** Praza José Carrera, 1.
- **Patio do Centro de Día.** Praza Castelao, 11.

### A CUBERTO:

- **O cárcere vello.** Peirao de Corcubión s/n.
- **A capela do pilar.** Rúa Antonio Porrúa, 5.
- **Pub A Gavilla.** Travesía Mariña, 13.
- **Taberna O Riveiro.** Rúa Antonio Porrúa, 4.
- **Bar O Quenxeiro.** Rúa Antonio Porrúa, 17.
- **Pensión Restaurante Mar Viva.**

## VENRES 14

### INAUGURACIÓN DO FESTIVAL

#### 20h. "EUCALIPSE NOW"

PASARRÚAS CON PERFORMANCE  
ARTÍSTICOECOLÓXICA

**ARTENAUTA:**  
TODOS, ABERTO Á PARTICIPACIÓN.  
NECESARIA INSCRIPCIÓN PREVIA PARA  
PARTICIPAR ENVIANDO MAIL A  
[festivalartenauta@gmail.com](mailto:festivalartenauta@gmail.com).

**ITINERARIO:**  
DENDE A CAPELA DE SAN ANTONIO ATA  
O CAMPO DO ROLLO

#### 22h. CONCERTO+PINTURA AO VIVO

**ARTENAUTAS:**  
HECTOR LERA E TRES CALQUERA  
(música) E MARCELINO DE SANTIAGO  
"KUKAS"(Pintura).

**LUGAR:**  
CAMPO DO ROLLO  
(Aforo limitado ate completar)

O cadro que pinte Kukas será  
sorteado no acto de peche do  
Festival. Adquire a túa  
participación por 3 euros nos  
establecementos colaboradores  
do festival.

## SÁBADO 15

### 12h. INAUGURACIÓN DA EXPOSICIÓN DE PINTURA / ESCULTURA

**ARTENAUTA:**  
"Kukas"

**LUGAR:**  
CÁRCERE VELLO

#### 13-14h. SESIÓN VERMÚ POÉTICA

**ARTENAUTA:**  
LEO I ARREMECÁGHONA

**LUGAR:**  
EXTERIOR PUB A GAVILLA

#### 18h. OBRADOIROS

NECESARIA INSCRIPCIÓN  
PREVIA ENVIANDO MAIL A  
[festivalartenauta@gmail.com](mailto:festivalartenauta@gmail.com)

**18h. CADÁVER EXQUISITO  
PLÁSTICO POÉTICO**  
(Praza Castelao)

**19h. BREAK DANCE**  
(Campo do rollo)

#### 22h. CINE DE VERÁN "OS FABULOSOS IRMÁNS DA LUZ"

**ARTENAUTA:**  
OLAIA SENDÓN

**LUGAR:**  
CAMPO DO ROLLO

#### 23h. CONCERTO

**ARTENAUTA:**  
DJ TRAPE(Show scrash)  
E NAIPILLO (Hip Hop)

**LUGAR:**  
PRAZA CASTELAO  
(Aforo limitado ate completar)

## DOMINGO 16

### 13h. SESIÓN VERMÚ: POEMAS DE TABERNA

**ARTENAUTAS:**  
ALEX LÓPEZ  
ELÍAS OUTES

**LUGAR:**  
TERRAZA BAR TÍO MONCHO  
(Aforo limitado ate completar)

#### 19:30h. TEATRO.

**ARTENAUTAS:**  
FARÁNDULA VELUTINA "PAPIROFLEXIA".

**LUGAR:**  
CAMPO DO ROLLO  
(Aforo limitado ate completar)

#### 20:30h. PAISAXE SONORO

**ARTENAUTAS:**  
PABLO ORZA(Son)  
ARTUR SALVADOR(breakdance)

**LUGAR:**  
PATIO DO CENTRO DE DÍA  
(Aforo limitado ate completar)

#### 21:30h. PECHÉ DO FESTIVAL

PROXECCIÓN DAS FOTOS DO FESTIVAL E  
SORTEO DE OBRA DE ARTE DE "KUKAS".

**ARTENAUTAS:**  
TODOS

**LUGAR:**  
CAMPO DO ROLLO  
(Aforo limitado ate completar)

## ADEMAIS...

### MURAL (DE VENRES A DOMINGO)

**ARTENAUTA:**  
PELUCAS

**LUGAR:**  
PASEO MARÍTIMO

**HORARIOS:**  
DE VENRES A DOMINGO

### RETABLO DIXITAL

**ARTENAUTAS:**  
ANDRÉS LÓPEZ

**LUGAR:**  
A CAPELA DO PILAR

**HORARIOS:**  
SÁBADO E DOMINGO 21 A 23H

### FOTOMATON

**ARTENAUTA:**  
SENÉN INSUA

**LUGAR:**  
PRAZA CASTELAO??

**HORARIOS:**  
SÁBADO E DOMINGO DE 13 A 14HRS.

### RADIO E PENSAMENTO

**ARTENAUTA:**  
MIGUEL VÁZQUEZ FREIRE CO PROGRAMA  
"DEZ MINUTOS FALANDO DO BELO, O  
FEO E O VALIOSO EN ARTE"

**LUGAR:**  
Emisión Radio Neria 107.8 FM

**HORARIOS:**  
TODOS OS DÍAS DE DOMINGO 9 ATA  
VENRES 14 AS 20,00H. (Unha vez  
emitidas dispoñibles na web do  
festival).

## EXPOSICIÓNS

### EXPO-PROXECCIÓN DE FOTOGRAFÍAS DE RAMÓN CAAMAÑO

**ARTENAUTA DE HONRA:**  
RAMÓN CAAMAÑO

**LUGAR:**  
FACHADA EN PRAZA CASTELAO

**HORARIOS:**  
VENRES, SÁBADO E DOMINGO  
DE 22 A 00:00

### FOTOGRAFÍA

**ARTENAUTAS:**  
ALBA CAMBEIRO-LUCÍA GÓMEZ- BARBARA  
BRUMMER-RAÚL SIMÓN-  
ANA NAVEIRO-SENÉN INSUA-  
RAMÓN CAAMAÑO.

**LUGAR:**  
PLAZA CASTELAO E ARREDORES.

**HORARIOS:**  
VENRES, SÁBADO E DOMINGO

### PINTURA

**ARTENAUTA:**  
PABLO ORZA

**LUGAR:**  
PUB A GAVILLA

**HORARIOS:**  
VENRES, SÁBADO E DOMINGO

**ARTENAUTA:**  
VIKI RIVADULLA

**LUGAR:**  
TABERNA MARIÑEIRA  
"O RIBEIRO"

**HORARIOS:**  
VENRES, SÁBADO E DOMINGO

**ARTENAUTA:**  
"KUKAS"

**LUGAR:**  
CÁRCERE VELLO.

**HORARIOS:**  
SÁBADO DE 12 A 14.30H  
E DE 15 A 18H.  
DOMINGO DE 10.30 A 14.30H  
E DE 15 A 18.30H.

### ESCULTURA

**ARTENAUTAS:**  
CAMILO SEIRA E BORXA INSUA

**LUGAR:**  
BALCÓNS DA PRAZA CASTELAO

**HORARIOS:**  
VENRES, SÁBADO E DOMINGO

**ARTENAUTA:**  
OSCAR ALDONZA

**LUGAR:**  
XARDÍNS DO CONCELLO

**HORARIOS:**  
VENRES, SÁBADO E DOMINGO

**ARTENAUTA**  
www.festivalartenauta.com

@FestivalArtenauta f FestivalArtenauta



LEO DE MATAMÁ PELUCAS BORJA INSUA PABLO ORZA  
ESTEVO E DAVID CREUS OLAIA SENDÓN SENÉN INSUA  
FARÁNDULA VELUTINA RAÚL SIMÓN CAMILO SEIRA KUKAS  
MARINA MOUZO ANA NAVEIRO ÁLEX LÓPEZ E ELÍAS OUTES  
RAMÓN CAAMAÑO ANDRÉS LÓPEZ ÓSCAR ALDONZA  
AS RINCHONAS VIKI RIVADULLA BÁRBARA PRUMMER  
LUCÍA GÓMEZ MIGUEL VÁZQUEZ FREIRE ARTUR SALVADOR  
HÉCTOR LERA E TRES CALQUERA ALBA CAMBEIRO

# ACTIVIDADES DO I FESTIVAL ARTENAUTA

## PERFORMANCE



Pasarrúas con performance artísticoecolóxica: **“Eucalipse Now”** Eucalipse Now foi o evento de apertura do Artenauta. Unha performance artísticoecolóxica a modo de pasarrúas que inaugurou o festival. Nunha acción colectiva escenificou e teatralizou a masificación e invasión do eucalipto no noso entorno, en detrimento da biodiversidade.

Cada participante desta acción portaba unha pola de eucalipto e todos xuntos marcharon a modo de pasarrúas “invandindo” as principais rúas de Corcubión. Un itinerario festivo no que non faltou a teatralidade, a animación de rúa e a música a cargo do grupo de pandeiretas As Rinchonas.

O itinerario partiu da Capela de San Antonio de Corcubión e rematou no Campo do Rollo.





# MURAL

O Artenauta e Corcubión tiveron a honra de contar coa participación do muralista Pelucas no Festival, que recreou seu peculiar universo nun muro do Paseo Marítimo.



Pelucas



**Pelucas**, tamén coñecido como Pilas e Bubles, é un artista que destaca polo seu peculiar universo creativo, seu traballo na arte urbana con murais e graffitis, e un imaxinario xenuino que tamén expresa en instalacións, debuxos, pintura, gravados e máis recentemente na cerámica.

A obra de Pelucas ten unha marcada personalidade coñecida en todo o mundo. O seu universo non ten parangón; el é único no que fai, e as súas creacións son delirantes, provocadoras, intrépidas, e tan divertidas como alucinatorias.

Pelucas licenciouse en Belas Artes na Universidade de Vigo, coa especialidade de escultura, e comezou a súa traxectoria artística no mural e no grafiti, na rúa; como espazo idóneo para un público verdadeiro e crítico. A principios do 2000 Vigo, Pontevedra, Barcelona e outras cidades de España amencian con ladrillos, pitillos e móbiles que con ironía ilustraban a condición humana. Era o imaxinario de Pelucas, que comezaba a manifestarse publicamente.

Despois de estancias en Tenerife, Bruselas, Italia... este artista deixa madurar Galicia para marchar a México, onde crea Villa Pelucas. Nestes vinte anos, de Chandebrito a Londres, todo canto espazo foi intervido por este artista ten un estilo recoñecible e aplaudido; porque cada muro que Pelucas pinta é unha especie de xustiza plástica co mundo.

## ESCULTURA



### Borja Insua


Unha peza escultórica de Borja Insua foi situada na Praza Castelao, no aceso ao casco histórico da vila, para dar a benvida ao Festival.

As outras pezas exhibidas por Borja Insua no Artenauta forman parte da serie "Espantallos". Son inmigrantes varados en terra, apátridas sen esperanza que hoxe se sitúan a modo de escaparate nos balcóns da nosa vila, para lembrarnos que aínda que miremos para outro lado eles seguirán aí.



**Borja Insua** (Corcubión, 1980) ademais de titiriteiro e actor, é escultor, especializado na talla de madeira. Estudou escultura na Escola de Artes Aplicadas e Oficios Mestre Mateo de Santiago e ao longo da súa vida Borja reencóntrase unha e outra vez coa súa obra escultórica. Destaca a súa serie "A memoria" exposta na Fundación Granell de Santiago, que nos achega á vida da aldea na que se criou, ós nosos vellos e á súa cultura do traballo. Recentemente acaba de crear "Espantallos", unha instalación funcional nunha leira sementada por el mesmo en Brión, capaz de dotar espontaneamente dun sentido ulterior as pezas e o entorno no que se inseren.

"As obras de Borja Insua latexan. Diríase que son organismos increíbles provistos de corazón, arterias e todo o equipamento necesario para a vida. O artista ofrécenos sempre tallas e esculturas de madeira que conservan a concentrada enerxía das árbores que as deron, como se aínda estivesen enraizadas. Obras con longuísimos rizomas que se estenden baixo o mundo, silenciosos. Iso é algo que as fai únicas e verdadeiras. Ser único non é difícil, pero ser verdadeiro é a virtude máis escasa entre os artistas. Porén, é algo que a obra de Borja consegue sen pretensións nin vaidade". María Lado.



## Óscar Aldonza

A obra escultórica de Oscar Aldonza no Artenauta puido verse nos xardíns do Concello de Corcubión e no balcón da Pensión Restaurante Mar Viva.

**Oscar Aldonza Torres**, Santiago de Compostela, 1976. Graduado en Técnicas de Volume pola EASD Mestre Mateo de Santiago de Compostela e licenciado en Belas Artes, Especialidade de Escultura, pola Universidade de Sevilla. Desempeña a súa actividade artística, principalmente como escultor, dende o ano 2002, realizando múltiples exposicións en diferentes lugares de España, Portugal e Francia, compaginando coa súa tarefa como profesor de Escultura na EASD Mestre Mateo. Posúe tamén diferentes obras en espazos públicos de Santiago de Compostela, Teo, Sigüeiro e A Coruña.

A súa obra, eminentemente figurativa, mostra un claro interese polos procesos e o traballo cos materiais, posuindo un forte carácter experimental. Traballa a cerámica, o bronce e o ferro, a madeira e a pedra en ocasións, buscando a combinación entre eles e a súa aproximación hacia os límites expresivos da materia. As súas pezas versan sobre a condición humana, mostrando interese pola relación entre o arquetipo e o específico, entre o individual e o colectivo ou entre a ambigüedad e a rotundidade. Son obras tamén cun profundo sentimento, que reflicten os intereses do artista polas diversas facetas que posicionan o ser humano dentro da sociedade contemporánea, traballando sobre temas como o xénero e a sexualidade, as desigualdades sociais, a ecoloxía, as migracións, entre outros, vistos dende unha persoa óptica que combina a crudeza formal do expresionismo cunha profunda sensibilidade simbólica.



## Camilo Seira

A obra de Camilo Seira no Artenauta puido verse en distintos balcóns da Praza Castelao e da rúa Antonio Porrúa.

**Camilo Seira** naceu en Padrón ou 8 de decembro de 1974. Desde moi pequeno manifestou o seu interese pola pintura e a escultura. Entre 1993 e 1994 participou como aprendiz e axudante no taller do coñecido escultor compostelán Fernando Blanco, discípulo de Asorey.

É graduado en Artes Aplicadas na especialidade de Técnicas de Volume na Escola de Artes Aplicadas e Oficios Artísticos “Mestre Mateo” de Santiago de Compostela. Tamén, Licenciado en Belas Artes pola Facultade de Belas Artes de Pontevedra. Entre o 2004-2006 exerce como profesor de escultura na escola de “Canteiros” de Poio (Pontevedra). No seu traballo escultórico, Camilo Seira traballa fundamentalmente coa madeira, a pedra e o bronce. Ao longo da súa traxectoria, ten participado nunha vintena de exposicións individuais e colectivas.

En canto a obra pública, Camilo Seira ten vintecinco monumentos distribuídos por Galicia, entre os que destacan La Bella Otero, en Valga ou o monumento ao peregrino de Padrón.

Sen dúbida o que máis lle entusiasma a este artista, e polo que sente unha especial sensibilidade a natureza e os animais, algo que aparece reflicto na súa obra. Netse senso, anualmente desenvolve na súa propia finca un festival de arte denominado LandArt, que busca a creación artística a partir de elementos da natureza.

## MÚSICA

### Concerto de Hector Lera e tres calquera con pintura ao vivo de Kukas

Héctor Lera e a súa banda foron os encargados do concerto inaugural do Festival.



Actuación de **“Hector Lera e Tres Calquera”** con pintura ao vivo de **Kukas**. Concerto que tivo lugar no Campo do Rollo de Corcubión e durante o cal se asistiu a pintura ao vivo dun cadro do pintor Kukas. Obra que pasou a formar parte da súa exposición no Cárcere Vello e que foi sorteado ao final do festival entre os que adquiriron participación.

**Héctor Lera**, nacido en Corcubión e afincado en Madrid, é un músico con un longo percorrido na música. Ten varios discos editados, con estilos como Bossa, Jazz, Samba, Flamenco ou muiñeira...

**Acompañado por Tres calquera** Hector Lera fai música para tódolos sentidos. O nexo de unión con “Tres Calquera” é a Costa da Morte, a onde Héctor vén de vacacións en verán y cando ten tempo libre. Cando está por aquí sémpre aproveita para facer alguna actuación.



## O'Leo de Matamá

Leo de Matamá participou no Artenauta cun concerto á noite do venres no Campo do rollo.

**Leo de Matamá**, máis coñecido O Leo i Arremecághona é un artista polifacético, filólogo e poeta galego nado en Matamá en 1974.

A súa traxectoria musical iniciábase con O Leo i Arremecághona! no ano 1997, aínda que comeza a ser coñecido cando é chamado para abrir os concertos da xira galega de Albert Pla en 1998. Do mesmo 1998 é o seu primeiro disco Suspiros de Kaña, do que se editaron un milleiro de copias distribuídas polo propio autor. O disco sería reeditado no ano 2006 por A Regueifa Plataforma en formato mp3.


Leo participou como autor de letras e músicas e como actor nos espectáculos As Presidentas d'A Factoría Teatro e Vendetta de Berrobambán Teatro. Tamén foi finalista do "I Certame de Monólogos Monolíngües".

No 2009 colaborou no proxecto de acción poética "A Revolta das Letras". Formou parte tamén doutros proxectos musicais como Labregos do tempo dos Sputniks (xunto a García, mc de Díos ke te crew), Das Kapital (xunto a Daniel Salgado e Marcos Payno) ou Ondas Martenot (xunto a Antón Díaz, Fran Amil e Cris Asenjo).

No outono de 2007 Edicións Xerais editou o seu libro de poesía Hai cu, baseado no blog homónimo. As presentacións, nese mesmo ano, baseáronse nun espectáculo chamado "Espectáculo Multimerda", semellante ao monólogo humorístico onde se fan recitando os distintos poemas. Tamén ao longo do 2007 acompañou musicalmente á presentación do libro de Anxo Angueira Fóra do sagrado por distintas cidades de Galiza.

## As Rinchonas

As Rinchonas participaron no festival animando o pasarrúas inaugural na performance artística ecolóxica Eucalipse Now.



O grupo de Pandereiteras as Rinchonas é un grupo da escola de pandeireta e canto tradicional da Universidade Popular de Corcubión. Abordan a música, o canto e o baile tradicional. E a súa referencia é o que bailaban os nosos avós.

### **As integrantes de As Rinchonas son:**

Pilar Vázquez, Alis Mouzo, Lupe Trillo, María Martínez e Casilda Caamaño.



## Pablo Orza

Como músico Pablo Orza participou no Artenauta cunha paisaxe sonora no Casino.

**Pablo Orza** é un artista visual & multi- instrumentista autodidacta, principalmente interesado na música experimental & improvisación libre. No 2003 iniciou a súa colaboración co dúo Parto co que creou o Centro de Novas Tecnoloxías do Pico Sacro ( TPS), un colectivo artístico centrado na creación a tempo real.

Entre o 2006-2010 o TPS desenvolveu unha programación regular de eventos enfocados na improvisación libre, As Sesións Vibracionais do TPS, en colaboración coa sala NASA (Santiago de Compostela). Algúns dos improvisadores que participaron nas sesións fundaron a Orquestra de Música Espontánea de Galicia (OMEGA) no 2007 & o Festival Vibracional TPS no 2009 & 2011

Pablo Orza participou en varios talleres con improvisadores internacionais (Eddie Prevost, Seijiro Murayama, Wade Matthews...) e tocado con moitos outros en diferentes proxectos.

No 2012 comezou a súa colaboración co dúo 23 RedAnts (Macarena Montesinos (cello) & Ranter' s Bay (electrónica). Este é actualmente o seu proxecto máis estable. Publicaron dous discos: Rede Night (2015\_ Setola dei Maiale), Nothing here is what it seems (2017\_ Creative Sources Recordings).

Pablo Orza usa voz, obxectos & guitarra eléctrica preparada para explorar unha composición sonora abstracta ( electroacústica, drone, minimalismo, ruidismo...) a través do fluxo impredecible de dinámicas e eventos que supón a improvisación libre.

## PINTURA

### Pablo Orza

**Pablo Orza** compaxina a faceta plástica coa sonora. Ámbolos traballos estiveron presentes no festival, a parte plástica puido verse no Pub A Gavilla.



**Pablo Orza** é licenciado e en Belas Artes na especialidade de pintura pola Universidade de Salamanca e doutor pola Universidade Politécnica de Valencia. Fixo programa de postgrao no Studio Arts Centers Internacional de Florencia.

Como artista plástico ten realizado dende o ano 98 máis dunha ducia de exposicións individuais na Fundación Granell e na Galería Espacio 48 de Santiago Compostela e, no Club Financiero Atlántico e na Casa Museo Maria Pita en A Coruña, entre outros. Dispón de obra en Novacaixagalicia, Xunta de Galicia, Fundación DEARTE.

En exposicións colectivas participou no catálogo de Mostras Unión Fenosa, (MACUF), no Urbanitas do MARCO en Vigo, na colección de escultura galega CaixaVigo e Ourense, no Festival IFI do Pazo da Cultura de Pontevedra, no Museo Principal de Ourense e na Fundación Vincente Risco de Allariz, por destacar algunhas.



## KUKAS

Kukas participou no Artenauta cunha exposición de pintura no Cárcere Vello. Ademais, pintou ao vivo un cadro de gran formato durante o concerto inaugural, obra que foi sorteada no acto de peche do festival entre os que adquiriron unha participación.

**Marcelino de Santiago**, Kukas é un artista polifacético de Santiago de Compostela. A súa actividade abarca desde a pintura ou a fotografía á literatura, a escultura, as artes escénicas, os monicreques ou a música. Kukas é graduado en Artes Aplicadas e Oficios Artísticos, na especialidade de Fotografía Artística. Como pintor realizou desde 1967 máis de 80 exposicións individuais e colectivas, entre as que podemos destacar: I Encontro de Artistas Novos, Galería Toissón de Madrid, Ministerio de Cultura, Bienal Internacional de Arte de Pontevedra, Galería Rubén de Segovia, Modus Vivendi, Rúa Nova e Matisse de Santiago, I Simposio da Guitarra de Vigo, Grupo FOGA, Colectivo Parafuso, Palacio da Cultura de Pontevedra, Club Financeiro da Coruña, Sala Rivas Briónes de Villagarcía, Galería Sargadelos do Barco, etcétera.

O ano pasado Kukas recibiu junto a Isabel Rey o Premio da Cultura Galega en Artes Escénicas pola súa traxectoria cos Monicreques de Kukas.



## Viki Rivadulla

No Artenauta Viki Rivadulla participou cunha exposición na Taberna Mañeira do Riveiro.

**Viki Rivadulla** é pintora e escultora autodidacta. Tamén é artesá bonequeira (obtivo a carta de artesá no ano 2002). Ten experiencia docente tanto no campo da filosofía coma na artesanía. Actualmente é técnica de cultura do Concello de Muxía.

Viki Rivadulla ten unha amplísima experiencia artística, e ten producido unha gran cantidade de obra. Dende os anos oitenta participa nun centear de mostras individuais e colectivas, de pintura, escultura, cerámica e porcelana. Ademais de estas mostras, poden verse os seus traballos nalgunhas casas de turismo rural como a Casa de Trillo (Muxía), o Pazo do Souto (Carballo) ou o Hotel Rústico Lorena (Muxía). Ten ilustracións publicadas en revistas e diarios, e seu traballo artístico aparece reflexado tamén en publicacións como as revistas Traveller e Muñecas (Madrid), así como en reportaxes para TVG e TVE.



## Marinna Mouzo

Marinna Mouzo participou no Aronauta cunha exposición no Bar O Quenxeiro.

**Marinna Mouzo** é unha pintora afincada en Corcubión dende hai máis de 30 anos. Nace en Río de Janeiro, onde transcorren os seus primeiros pasos na arte no obradoiro do pintor e arquitecto Flavio Berredo. Aí mellora as súas técnicas no debuxo e a pintura ao óleo. Frecuenta obradoiros e estudos de pintores nos que perfecciona técnicas e estilos como a acuarela, o pastel e a pintura acrílica, tamén asiste a cursos de Historia da arte, Pintura contemporánea, a pintura latinoamericana e curso de baleirado e modelado. Participa en exposicións individuais e colectivas en Río de Janeiro e São Paulo. En 1983 trasládase a Galicia e matricúlase na escola de artes Pablo Picasso da Coruña onde cursa deseño gráfico. Expón en pubs, casas de cultura, hoteis e na galería José Lorenzo de Santiago. Imparte clases de pintura desde 1990 no Concello de Corcubión. A súa especialidade son os retratos en lenzo de gran tamaño.

## FOTOGRAFÍA



**Senén Insua · Alba Cambeiro ·  
Ana Naveiro · Lucía Gómez ·  
Bárbara Prummer · Raúl Simón ·  
Ramón Caamaño ·**

As fotografías destes artistas estiveron expostas no Recheo de Corcubión e no exterior do Centro de Día.



## Senén Insua

**Senén Insua** (1987) é un fotógrafo corcubionés graduado en Ciencias Polícas pola Universidade de Santiago de Compostela. Desenvolve a súa afinidade cara a fotografía durante a súa etapa universitaria e dende 2018 rexenta o seu propio estudo. De forma autónoma traballou para a Univeridade de A Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela, como fotógrafo de produto para Woodworks Bushmann-Bella e para as campañas de publicidade de Limbo Ropería entre outros. Ten varias publicacións na revista Darkbeauty Magazine, e é coautor do libro Vai lavar cabelos na fontana fría. As orixes da lírica hispánica (Universidade de Santiago de Compostela. Servizo de Publicacións e Intercambio Científico; 2019)

Como fotógrafo intenta afondar en diversos temas como a relación entre o corpo, o territorio, a cultura e a sexualidade, así como a culpa ou a identidade. Segue na procura da mellor forma de narrar e pelexandocoa linguaxe fotográfica, pois a fotografía é un deporte de combate.



## Alba Cambeiro

**Alba Cambeiro** (1991) é unha fotoxornalista autónoma procedente do Ézaro. Graduada en Comunicación Audiovisual e posgraduada en Fotoxornalismo pola Universidade Autónoma de Barcelona. Adoita traballar entre Turquía e Irak, prestando especial atención a cuestións sociais e de xénero, así como tamén á crise dos refuxiados e desplazados en Oriente Medio.




## Ana Naveiro

**Ana Naveiro** (1991) é unha deseñadora de moda, estilista, directora creativa, e fotógrafa creadora da marca Nana Vera Couture nada na cidade de A Coruña.

Sempre sentiu paixón polo mundo da fotografía e a imaxe. Esta paixón está profundamente ligada ao recordo do seu pai, o cal, sempre cámara en man, gustaba de retratar todos os momentos familiares. Con esta imaxe do seu pai gravada na retina de xeito inalienable, e cunha formación completamente autodidacta, Ana comeza a facer fotos do seu grupo de amigos durante a adolescencia. Sen pretensión algunha nun primeiro momento, isto acaba por reforzar o seu previo interese pola dirección de arte, levando a experimentar e traballar máis en profundidade con diferentes formas, textidos, luces, modelos e cores. Finalmente quedou prendada de este mundo ata facelo non so a sua vocación se non tamén o seu oficio.

Traballou como fotógrafa de produto para El Paracaidista e actualmente desempeña a sua labor como freelance. Ademais foi participe en proxectos editoriais a nivel nacional e internacional para revistas como Neo2 Magazine, Vein Magazine, Kluid Magazine, Kaltblut Magazine, Pap Magazine ou La Botánica e actualmente segue en proceso de aprendizaxe e crecemento.



## Raúl Simón

**Raúl Simón** (1991) é un fotógrafo coruñés autodidacta que vive na localidade de Santa Cruz. Comeza na fotografía no ano 2015 e durante os seguintes foi rotando entre diferentes estilos, especializándose en retrato, produto, eventos, moda e urbana. Pese a non ter estudos nin en imaxe nin en artes, a sua curiosidade por estes eidos, e o gran número de persoas participes na sua aprendizaxe "informal", fixo que cada vez fose descubrindo e colaborando con máis xente relacionada coa fotografía e a imaxe que, dun xeito u outro, influiron na sua forma de vivir e de facer fotos.



## Bárbara Prummer

**Bárbara Prummer** (1994, Grafelfing, Alemania) é graduada en Belas Artes e estudante de Socioloxía.

“É a fotografía a que mellor amosou cómo reunir o paraugas coa máquina de coser, o encontro fortuito que un gran poeta surrealista encomiou como epítome do fermoso.”  
Susan Sontag, Sobre a fotografía (1977)



## Lucía Gómez

**Lucía Gómez** (1989) é unha fotógrafa nada na cidade de A coruña, estudou fotografía na Escola Pablo picasso e traballou durante anos como fotógrafa freelance así como para a marca de moda Nana Vera Couture. No seu haber ten varias exposición a nivel local e a participación nun proxecto editorial da revista internacional Atlas Magazine.

Lucía conta cun estilo que transgrede os canones e traslada ao espectador a un mundo onde sinxeleza, naturalidade e delicadeza son un.

# ARTENAUTA DE HONRA

## Ramón Caamaño

Unha selección da obra fotográfica de Ramón Caamaño puido verse no Artenauta nunha expo-proxección sobre unha fachada da Praza Castelao durante as noites do festival.

A consensuada relevancia artística de Caamaño na comarca fíxoo merecedor do **Artenauta de honra da I Edición do Festival Artenauta**.

**Ramón Caamaño**, alias "Muxía" foi un fotógrafo galego (1908 -2007 Muxía) que está considerado o mellor fotógrafo do ámbito rural de Galicia. E isto non é só pola súa calidade técnica, senón tamén polo seu interese documental desde o punto de vista histórico, sociolóxico e antropolóxico. Foi un dos primeiros fotógrafos que retratou a paisaxe, os costumes e os habitantes da Costa da Morte. A súa obra é dun realismo cabal, realizada con medios modestos, que logrou transcender o inmediato, o cotián, para alcanzar valores etnográficos.





## BREAKDANCE

### Artur Salvador

#### OBRADOIRO DE BREAKDANCE

O obradoiro de Breakdance do festival estivo dirixido a nenos dende 5 anos e no mesmo participaron 12 rapaces. O obradoiro tivo por obxectivo achegar as técnicas de movemento, acrobacia e pasos básicos do breakdance. Tráballose sobre o control do espazo, das alturas, velocidade e ritmo, especialmente o contacto co chan e o control propio do peso corporal. Incluíu tamén exercicios de preparación física específicos para a actividade. Para a súa participación no era preciso ningún coñecemento previo.



#### EXHIBIÓN DE BREAKDANCE


Artur Salvador fixo unha exhibición de breakdance no Casino durante a paisaxe sonora do artista Pablo Orza.

**Artur Salvador**, Santiago 1996. Comezou a practicar breakdance en 2008, aprendendo de forma autodidacta con amigos e participando en competicións nacionais e internacionais. Máis tarde introdúcese na danza contemporánea para enriquecer o seu estilo de movemento, e traballar escénicamente con outros artistas, destacando as compañías "Los Innato" e "La incidente". Actualmente é estudante do grado superior de Podoloxía na UMA.

# TEATRO

## Farándula Velutina

Farándula Velutina estivo no Artenauta representando Papiroflexia de Fernando Castro Paredes, obra que acadou o segundo premio no certame Xuventude Crea 2019, organizado pola Dirección Xeral de Xuventude da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia.



**Farándula Velutina** é un grupo de teatro afeccionado que nace no verán de 2018 vinculado á asociación cultural As Nove Musas, de Corcubión, co obxectivo de xerar un espazo de creación escénica de espectáculos para todo tipo de públicos. Está integrada por antigos membros da agrupación de teatro escolar Tuéjele Teatro do I.E.S. Fernando Blanco de Cee. Na súa breve andadura, xa ten colaborado activamente na vida cultural da bisbarra. Así mesmo, as súas montaxes foron obxecto de diferentes recoñecementos e galardóns.

# POESÍA



**Alex López  
e Elías Outes**

**Álex López:** Poeta (ou así lle chaman) de Corcubión. Un día comezou a recitar versos polas tabernas con olor a ron e cervexa e nisas anda até o de agora.

**Elías Outes:** Músico. De sobra coñecido pola súa aportación á banda Héctor Lera & Uns calquera. Leva a parte musical do espectáculo acompañando aos poemas. De cando en vez, canta. **Xuntos, mais non revoltos, fan Poesía & Pezas.**

**A participación dos poetas formou parte dunha sesión vermú que tivo lugar no ecuador do festival, cun recital no Campo do Rollo**

**David Creus** (Cee, 1975) é poeta e artista gráfico, licenciado en Belas Artes. Como poeta publicou no 2003 “Palabras para un parque hidráulico”, obra pola que recibiu o Premio de Poesía Afonso Eanes do Cotón.

No ano 2007 e xunto co seu irmán, o tamén poeta Estevo Creus, publicará facer Merzbau non ou posible?, un libro que pretende borrar as fronteiras do concepto tradicional de autoría e que se move dentro dun concepto multimediático da literatura (acompañase dun DVD e de autocolantes). Rumbo ás illas. Escritores da Costa da Morte nas Sisargas, 1997, Asociación Cultural Monte Branco/Asociación Neria, O Couto, Ponteceso. Participou ademais nas seguintes obras colectivas: De Pondal ao Batallón Literario (120 anos de poesía na Costa da Morte, 2009 e Versos no Olimpo. O Monte Pindo na poesía galega, 2013, Toxosoutos.



**Estevo Creus  
e David Creus**

**Estevo Creus** (Cee, 1971) é un escritor galego destacado pola súa faceta poética. Estevo foi un dos fundadores do Batallón Literario da Costa da Morte, participando en obras colectivas como Nós (1997) e Mar por medio (1998). Previamente publicara como narrador os relatos E a catro patas: quilómetros... (1994) e Confeso que matei a bambi (1996).

A súa primeira obra individual é do 1996, cando sae á luz Poemas da cidade oculta. Ese mesmo ano gaña con Areados o premio Miguel González Garcés da Deputación da Coruña. No ano 1998, gaña o premio Eusebio Lorenzo Baleirón co poemario Teoría do lugar, e no 2002 o III Premio de poesía Fiz Vergara Vilariño con Decrúa.

Interesado en experimentar coas novas formas da edición, convértese nun dos membros fundadores das editora Letras de Cal e participa tamén no proxecto Retagarda Edicións dedicado a editar libros en formato dixital empregando o disquete como soporte. Publica nese formato Ou libro dous cans no ano 2000. Tamén no ano 2007 e xunto co seu irmán, o escritor e artista gráfico David Creus, publica facer Merzbau non ou posible?, un libro que pretende borrar as fronteiras do concepto tradicional de autoría e que se move dentro dun concepto multimediático da literatura (acompañase dun DVD).



## AUDIOVISUAL

### Olaia Sendón

No Artenauta Olaia Sendón amosounos a peza “Os Fabulosos irmáns da Luz”, en tres pases realizados na Capela do Pilar con aforo completo.

“Os Fabulosos irmáns da Luz é un documental experimental onde percorro os espazos da costa da morte que outrora foron cines e sobre eles proxecto unha película feita de anacos de historias vividas mentres se vían as películas. Poden os espazos gardar memoria do que teñen sido? Preguntome ao principio da peza, e adico 12 minutos a resolvela”.

**Olaia Sendón** (Ourense, 1978): “Son licenciada en Comunicación Audiovisual pola Universidad Autónoma de Barcelona e video creadora que se gaña a vida como docente na Escola de Imaxe e Son da Coruña. Na miña obra as veces falo do universal como en “Pequenas superficies”, en “Míjau” ou “Kauflanders” e outras directamente do territorio que habito como en “Os fabulosos irmáns da luz”, en “A casa de Lola de Andrés” ou en “Fisterra, carne de safari”. As miñas obras viaxaron por festivais: Festival de Málaga, Proyector, OUFF, MICE, Alcances, Cortos Gandules ou CCCB e tamén por exposicións como na 12 e 11 Mostra Internacional Gas Fenosa, Casa da Parra, Palexco, SH Shanghai ou Estampa. Con “Kauflanders” gañei o VIII Premio de Novos Valores do Auditorio de Galicia. Recentemente veño de publicar un libro para nenos que se chama Xían é terrible”.



### Andrés López

Andrés participou no festival Artenauta cunha instalación audiovisual que toma a forma dun retablo dixital inspirado na figura de Titfa. Trátase dunha peza na que se recolle a relación entre a tradición e a tecnoloxía a través da fotografía o vídeo e o sonido.

**Andrés López** (Corcubión, 1982) é artista plástico e dixital. Estudou Artes Aplicadas á Escultura na Escola de Arte e Superior de Deseño Pablo Picasso de A Coruña e Conservación e Restauración de Bens Culturais e Artísticos na especialidade de escultura na Escola de Conservación e Restauración de Pontevedra. Complementa a súa formación cun Máster en Artes Gráficas na Escola Aula Creativa de Madrid.

A súa obra se caracteriza polo encontro entre a expresión artística e a intervención dixital na intención de descentralizar a autoría das súas pezas e de representar nelas a contraposición entre a tradición da vida rural e a nova era tecnolóxica.

As series Rural\_glitch (2013) e Rural\_data (2014) representan a vida no rural a través de composicións visuais e sonoras nas que contrasta a fugacidade da vida contemporánea e o apego a herdanza da tradición. As súas obras foron expostas no Forum Metropolitano da Coruña, a Capela do Pilar de Corcubión, o espazo Gato Verde de Madrid e o Clube Financieiro da Coruña.

# PENSAMENTO



## Miguel Vázquez Freire

No Festival Artenauta a participación de Miguel Vázquez Freire consistiu nunha serie de breves charlas emitidas a semana do festival a través de Radio Neria. Charlas de iniciación á Estética e a arte, con especial atención á oposición entre “alta cultura” e cultura popular, oposición que tratou de poñer en discusión. As pezas radiofónicas foron colgadas despois na páxina web do festival.

**Miguel Vázquez Freire** (Corcubión, 1951) é mestre de filosofía e escritor. A súa vocación principal foi sempre o ensino e, se cadra por iso, no seu labor como escritor concedeu unha importancia principal aos xéneros dirixidos á infancia e á mocidade.

Foi membro fundador do movemento de renovación pedagóxica Nova Escola Galega e pertence ao Consello Asesor da Revista Galega de Educación. Membro dos Grupos de didáctica da Filosofía Enxergo e Nexos, cos que publica materiais para o ensino, pertenceu ao Comité Organizador do Congreso Internacional de Pedagogía da Imaxe “Pé de Imaxe” (1991-2000).

Codirector (primeiro con Agustín Fernández Paz e Xosé Lastra, logo só con Agustín Fernández Paz) da colección Merlín de literatura infantil (Edicións Xerais de Galicia) desde a súa creación ata o ano 2007, foi tamén director da revista de banda deseñada Golfiño nas súas dúas etapas, a editada por Xerais (1999 ata 2000) e a editada e distribuída por La Voz de Galicia (2002 ata comezos do 2005). Ten publicado numerosas reseñas críticas e estudos sobre a literatura infantil, algúns dos cales recompilou e organizou nun libro de recente publicación: Da Carapuchiña vermella ao señor Lamote. Clásicos da literatura universal en lingua galega (Xerais, 2019).

Actualmente forma parte da redacción da revista Tempos Novos e desde hai cinco anos é un dos animadores das xornadas de Filosofía para Veraneantes que se desenvolven na Capela do Pilar de Corcubión.

Sobre Estética publicou tres manuais, un de carácter xenérico: Iniciación á Estética (Xerais, 2002); e dous relacionados co teatro: Teatro alternativo. Das vangardas ás novas tendencias, Berrobambán Teatro, 2002) e Estética e teatro (Galaxia, 2006).

ARTE  
NAUTA



Organizado polo comité Artenauta e a Universidade cromática das vitudes.

Coa colaboración de:



CONCELLO DE  
CORCUBIÓN  
www.corcubion.gal



Bar O Quenxeiro  
Taberna Mariñeira O Ribeiro  
Restaurante Pensión Mar Viva  
Pub A Gavilla  
Bar Tío Moncho

festivalartenauta@gmail.com  
www.festivalartenauta.com

f @FestivalArtenauta

Instagram @FestivalArtenauta

ARTE  
NAUTA